



XUNTA DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA O FUNCIONAMENTO DO CENTRO RAFAEL PUGA RAMÓN DURANTE O CURSO ESCOLAR 2020-2021.

REUNIDOS

Dunha parte, Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 96/2018, do 26 de setembro, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Sandra González Castro, deputada con delegación especial en materia de Educación, dacordo ca resolución da presidencia número 24475, de 16 de xullo de 2019.

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas, e





EXPOÑEN

I

Por Real decreto 657/1978, do 2 de marzo (BOE do 8 de abril), regulouse a situación e o réxime económico dos centros non estatais procedentes da transformación das seccións filiais dos institutos nacionais de ensinanza media co obxecto de unificar o tratamento xurídico económico destes centros adecuándoos á nova situación que se presentou como consecuencia da definitiva extinción das ensinanzas que deron orixe ás seccións filiais.

As seccións filiais dos institutos nacionais de ensinanza media transformáronse en centros non estatais coa clasificación de homologados e, como tales, son obxecto dunha subvención do Estado para o desempeño das súas actividades nun réxime económico análogo ao dos institutos de ensino secundario.

II

Que, de acordo co punto anterior, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional vén asignando unha subvención ao centro Rafael Puga Ramón en virtude do Real decreto 657/1978, do 2 de marzo. Este centro docente depende da Deputación Provincial da Coruña, órgano encargado da súa xestión.

Así pois, coa finalidade de contribuír ao funcionamento do citado centro ambos os dous organismos deciden subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes





CLÁUSULAS

Primeira.- É obxecto deste convenio o funcionamento do centro público Rafael Puga Ramón, dependente da Deputación Provincial da Coruña.

Segunda.- A normativa pola que se rexe este convenio é a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Terceira.- O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2021, sen prexuízo de que os efectos económicos sexan desde o 1 de setembro de 2020.

Cuarta.- A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional destinará un importe de **490.096,50 euros** para o funcionamento do citado centro, distribuíndose do seguinte xeito:

- ❖ **163.365,50 €** para o primeiro cuadrimestre do curso escolar 2020-2021 (do 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2020).
- ❖ **163.365,50 €** para o segundo cuadrimestre do curso escolar 2020-2021 (do 1 de xaneiro ata o 30 de abril de 2021).
- ❖ **163.365,50 €** para o terceiro cuadrimestre do curso escolar 2020-2021 (do 1 de maio ata o 31 de agosto de 2021).

Estes importes faranse efectivos con cargo á aplicación orzamentaria **10.30.422M.482.0** dos orzamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional correspondentes aos exercicios 2020 e 2021.





Antes da formalización do convenio e de cada un dos libramentos, a Deputación Provincial da Coruña deberá achegar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o previsto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os libramentos realizaranse do seguinte xeito:

- Un primeiro libramento, con carácter de anticipo, por importe de 163.365,50 euros, realizarase despois da entrada en vigor do presente convenio e trala presentación da declaración responsable indicada na cláusula quinta, apartado a) deste convenio.
- Un segundo libramento, por importe de 163.365,50 euros, efectuarase despois da xustificación relativa ao primeiro e segundo cuadrimestre do curso escolar, segundo o previsto na cláusula quinta, apartado b) deste convenio.
- Un terceiro libramento, por importe de 163.365,50 euros, efectuarase despois da xustificación relativa ao terceiro cuadrimestre do curso escolar, segundo o previsto na cláusula quinta, apartado c) deste convenio.

A percepción das contías indicadas é compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

Quinta.- A documentación que se presentará para cada un dos libramentos é a seguinte:

a) Para o primeiro libramento:





* Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Para o segundo libramento:

1º) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2º) Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da Deputación Provincial da Coruña que recolla as seguintes cuestións:

* Que os fondos recibidos como anticipo foron aplicados ao funcionamento do centro.

* O importe total dos gastos soportados pola deputación provincial imputables á actuación subvencionada durante os dous primeiros cuatrimestres do curso escolar.

Esta xustificación deberá presentarse no prazo de dous meses desde a finalización do segundo cuatrimestre do curso escolar (ata o 30 de xuño de 2021).

c) Para o terceiro e último libramento:

1º) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2º) Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da Deputación Provincial da Coruña que recolla as seguintes cuestións:

* O importe total dos gastos soportados pola deputación provincial imputables a actuación subvencionada durante o curso escolar 2020-2021.





3º) A documentación a que se refire o artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é dicir:

* Certificación expedida pola secretaría da deputación provincial, co visto e prace do presidente, relativa a aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola deputación provincial imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:

- a) Identificación do/a acredor/a.
- b) Número de factura ou documento equivalente.
- c) Importe.
- d) Data de emisión.
- e) Data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- f) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- g) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta xustificación deberá presentarse dentro do período de vixencia do convenio (ata o 31 de outubro de 2021).

A deputación provincial conservará os xustificantes do gasto orixinado a disposición da consellería e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas, do Consello de Contas ou de calquera outro órgano competente,





XUNTA DE GALICIA



os cales, a través dos procedementos legais pertinentes, poderán realizar as comprobacións necesarias respecto ao destino e aplicación dos fondos aportados pola Xunta de Galicia.

Sexta.- Co obxecto de establecer directrices de traballo e supervisar o desenvolvemento de presente convenio, establécese unha comisión de seguimento, que estará integrada por dous/dúas representantes da deputación provincial, así como polos/as representantes que se determinen por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. A presidencia da comisión corresponderá ao/á representante da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A comisión de seguimento tamén poderá propoñer solucións ás controversias ou dúbidas xurdidas na aplicación do convenio.

Sétima.- A Deputación Provincial da Coruña terá as obrigas do beneficiario establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ostenta as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade do convenio, de acordo coa lei de contratos das administracións públicas, ademais das potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencional, como a de reintegro, todo isto sen prexuízo da posibilidade de recurso contencioso administrativo.

Novena.- A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional poderá comprobar cando o estime conveniente a execución do convenio.

Décima.- En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a deputación provincial está obrigada a subministrar á





XUNTA DE GALICIA



**Deputación
DA CORUÑA**

Xunta de Galicia, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Así mesmo, de conformidade co artigo 15 desta mesma lei, a Xunta de Galicia publicará na súa páxina web oficial os datos do presente convenio, incluído o importe da subvención concedida, polo que a súa sinatura leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e a súa publicación na citada páxina web.

Ademais, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio supón o consentimento expreso para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas.

Por outro lado, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto deste convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións.

Décimo primeira.- Debido a que este convenio se formaliza en aplicación do disposto no Real decreto 657/1978, do 2 de marzo (BOE do 8 de abril), non é posible promover a concorrencia pública, polo que para a tramitación deste debe terse en conta o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





XUNTA DE GALICIA



**Deputación
DA CORUÑA**

Décimo segunda.- O incumprimento das obrigas establecidas neste convenio por parte da Deputación Provincial da Coruña levará consigo o reintegro, total ou parcial, dos importes entregados.

Décimo terceira.- Este convenio poderá renovarse por acordo expreso das partes, mediante a formalización da correspondente addenda. Así mesmo, poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas previstas no mesmo.

Para dar cumprimento ao establecido no presente convenio e en sinal de mutuo acordo entre as partes, subscríbennos mediante sinatura electrónica.

**Pola Consellería de Educación,
Universidade e Formación Profesional
da Xunta de Galicia,**

**Pola Deputación Provincial
da Coruña,**

P.D.: Resolución da presidencia nº
24475, de 16 de xullo de 2019.

Carmen Pomar Tojo

Sandra González Castro



Xacobeo 2021

